

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2023/G003/001783

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

Asunto: LISTAXE PROVISIONAL ELEVADA A DEFINITIVA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/HA CAPATAZ DO SERVIZO DE LIMPEZA POR PROMOCION INTERNA

Na Casa Consistorial do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

E segundo o estipulado na convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección con carácter de urxencia por quenda restrinxida á promoción interna, para cobertura interina dunha praza do posto de Capataz do Servizo de Limpeza, persoal laboral, a través do procedemento de concurso de méritos, aprobadas por Decreto da Alcaldía nº 1292/2023 de 19 de abril de 2023. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDOS/AS:

1. García Oanes, Rosario

EXCLUÍDOS/AS:

- Ningún/ha

SEGUNDO.- Designar nominativamente aos membros da comisión de valoración de acordo ao establecido na base 5, quedando constituído do seguinte xeito:

- Presidente: D^a. María Belén Zas González, Administrativa do Concello de Arteixo (titular) e D^a. Marina Ventura Lozano, Administrativa do Concello de Arteixo (suplente)
- Secretario: D. José María Vázquez Pita, Secretario Xeral do Concello de Arteixo (titular) e D^a. Eva María Montes Fernández, Técnica de Administración Electrónica do Concello de Arteixo (suplente)
- Vogais:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- D^a. Dosinda Sánchez García, Administrativa do Concello de Arteixo (titular) e D^a. Mónica Areán López, Administrativa do Concello de Arteixo (suplente).
- D. César Rodríguez Ventureira, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Arteixo (titular) e D. Óscar Miranda Lodeiros, Técnico Medio de Medio Ambiente do Concello de Arteixo (suplente).
- D. Ramón Castro Amado, Administrativo do Concello de Arteixo (titular) e D. Roberto Corral Mouzo, Administrativo do Concello de Arteixo(suplente).

TERCEIRO.- Elevar a listaxe provisional a definitiva, de conformidade coa base 6 das bases reguladoras da convocatoria.

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal cualificador para constitución do mesmo o vindeiro xoves 18 de maio de 2023 ás 10:00 horas nas oficinas da Parcela municipal do Concello de Arteixo e dando inicio ao proceso selectivo pola fase de concurso, baremo de méritos dos/as aspirantes admitidos/as, nesa mesma data.

QUINTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

SEXTO.- Dar traslado aos membros do Tribunal cualificador, titulares e suplentes, xunto con copia das bases da convocatoria.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).